

DECRETO DA ALCALDIA.

ASUNTO: APROBACION DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS NO PROCESO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS, DUN POSTO VACANTE DE POLICÍA LOCAL (ESCALA BÁSICA) DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES. NOMEAMENTO DE TRIBUNAL CUALIFICADOR. CONVOCATORIA REALIZACION ENTREVISTA PERSOAL.

EXPEDIENTE Nº 889/2023.

De conformidade co disposto na Base 5ª reguladora para a provisión temporal, mediante comisión de servizos, dun posto vacante de Policía Local (escala básica) do Concello de Vila de Cruces, aprobadas mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada con data 1 de decembro de 2023, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a **lista definitiva** de persoas admitidas e excluídas no referido proceso selectivo, con expresión das causas de exclusión:

CANDIDATO ADMITIDO:

NÚM. ORDE	NIF	APELIDOS E NOME
1	77.4**.80-B	SACO SALGADO, JOSÉ MANUEL

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso que estará integrado polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Mónica Rodríguez Casal	Teresa Pallares Conde
SECRETARIO	Rafael López Navaza	Javier Castelo Mosquera
VOGAL	Manuel Montoto Quinteiro	David Alvarellos González.
VOGAL	M. ^a Carmen García Brea	Eleuterio Pena Lamas
VOGAL	Mónica García Asorey	Leopoldo Moure Dopico

TERCEIRO. Convocar ao Tribunal cualificador para o vindeiro día 10 de xaneiro de 2024, ás 08:00h. no Salón de Plenos do Municipal, para proceder á realización do baremo de méritos presentados polo único candidato.

CUARTO: Convocar ao candidato admitido, para o vindeiro día 10 de xaneiro de 2024, ás 09:00 h. no Salón de Plenos Municipaol, para a realización da entrevista persoal.





QUINTO. Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, tanto en formato físico como electrónico no enderezo <http://viladecruces.sedelectronica.es> así como páxina web municipal www.viladecruces.gal.

SEXTO. Contra a presente resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os interesados interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Mándao e asíno o Alcalde, na data indicada á marxe, do que como Secretario en funcións da Corporación dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

